

ORDENANZA FISCAL Nº 18.

Texto vixente desde o 15/08/2017:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA.

Exposición de motivos

O Concello de Carballo leva décadas a prestar o servizo do Conservatorio Municipal de Música, un referente no eido do ensino e da cultura para Carballo en toda a bisbarra de Bergantiños e mesmo na provincia da Coruña. O interese municipal en manter en funcionamento un valor cultural como é a música ten provocado que, a pesares das limitacións orzamentarias dos últimos tempos, o servizo non só se teña mantido, senón que se teña incluso potenciado mediante o gasto para aumentar a eficiencia no seu funcionamento e a calidade do ensino musical.

Mais este esforzo económico precisa, regularmente, que as tarifas a repercutir aos usuarios do servizo se vexan adaptadas á realidade económica do servizo, sempre coa idea de que o déficit na prestación do mesmo non aumente a porcentaxes máis elevadas que puideran poñer en risco a viabilidade económica do servizo.

Polo tanto, e con pleno respecto dos principios consagrados nos arts. 128 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das Administracións Públicas, o Concello de Carballo regula as taxas pola prestación dos servizos de carácter docente e administrativo polas actividades do Conservatorio Municipal de Música de Carballo, mediante esta Ordenanza Fiscal, medio legalmente esixido, como de menor intervención, e sempre tentando facilitar aos interesados o máis sinxelo cumprimento das obrigas tributarias nela contidas, a fin de obter os ingresos tributarios minimamente precisos para garantir a continuidade do servizo e a súa viabilidade económica.

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades atribuídas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ao abeiro do previsto no art. 57 e 20.4.v), do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Carballo establece as taxas pola prestación de servizos de carácter docente e administrativo polas actividades do Conservatorio Municipal de Música de Carballo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

O feito imponible estará constituído por:

- a) A prestación de servizos de carácter administrativo de competencia local relativos á admisión, xestión e funcionamento das actividades docentes prestadas polo Concello a través do Conservatorio Municipal de Música.
- b) A prestación de servizos docentes de por parte do Conservatorio Municipal de Música.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas, e as entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten os servizos, sexan os destinatarios do mesmo ou os seus representantes legais. No caso de menores de idade, será sempre suxeito pasivo quen ostente a garda e custodia legal dos mesmos, debendo subscribir a correspondente solicitude en representación do menor.

ARTIGO 4º.- COTA TRIBUTARIA.

1.- Establécense as seguintes tarifas en concepto de taxas pola prestación dos servizos de educación musical –regrada e non regrada- do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Carballo:

A. Cursos de Iniciación Musical, non regrada:

1.- Curso completo 120,00 €

B. Grao elemental:

1.- Curso completo no grao elemental (1º, 2º, 3º ou 4º)..... 329,92 €

2.- Materias pendentes, por cada unha delas 81,04 €

3.- Proba de acceso aos 1º, 2º, 3º e 4º cursos 57,89 €

C. Grao profesional:

1.- Curso completo en 1º ou 2º curso 387,81 €

2.- Curso completo en 3º ou 4º curso 445,68 €

3.- Curso completo en 5º ou 6º curso 509,36 €

4.- Asignaturas soltas/ pendentes, por cada unha delas 115,76 €

5.- Proba de acceso grao profesional 92,61 €

2.- A taxa correspondente aos dereitos de apertura de expediente será fixada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na resolución correspondente. Estes dereitos serán satisfeitos polos alumnos no impreso de liquidación correspondente.

3.- A taxa correspondente a materias pendentes aplicarase a aqueles alumnos que, matriculándose nun curso completo, teñan pendente ata dúas materias do curso anterior. Aplicarase, igualmente, a aqueles alumnos que se matriculen no centro con materias pendentes do 6º curso, sempre que unha destas non sexa a especialidade instrumental. Se se tratase dunha materia de especialidade instrumental, estarase ao disposto no parágrafo seguinte.

4.- No caso de alumnos que teñan convalidadas dúas ou máis asignaturas da especialidade que cursan, aboarán un 80 % das taxas establecidas para o curso no que se matriculen. Se foran menos de dúas asignaturas, aboarán o importe completo do curso.

ARTIGO 5º.- BENEFICIOS FISCAIS.

Non se recoñece ningún beneficio fiscal nesta taxa, consonte ao previsto no art. 9.1 do R.D.L. 2/2004, agás os que estean previstos en normas con rango de Lei ou nos Tratados internacionais validamente suscritos polo Reino de España e publicados no B.O.E.

ARTIGO 6º.- RETRIBUCIÓN.

A obriga tributaria no momento de inicio da prestación dos servizos, sendo esixible o seu depósito previo consonte ás normas de xestión do artigo seguinte.

ARTIGO 7º.- NORMAS DE XESTIÓN. LIQUIDACIÓN DA TAXA.

1.- No momento de formalizar a solicitude de admisión aos servizos prestados no Conservatorio Municipal de Música de Carballo, o usuario deberá autoliquidar e ingresar as taxas correspondentes pola prestación do servizo. Non se tramitarán as solicitudes de matrícula que non xunten o impreso xustificativo de ter ingresado a autoliquidación correspondente.

2.- As taxas correspondentes aos cursos completos, poderá ser fraccionada, trimestralmente, sen necesidade de prestar garantía algunha, a petición do solicitante, que deberá sinalar tal petición no impreso de autoliquidación das taxas, ingresando, polo tanto, no momento da solicitude, tan só o primeiro prazo, correspondente ao primeiro trimestre do curso correspondente. Para solicitar o fraccionamento dos trimestres segundo e terceiro, deberá cumprimentar obrigatoriamente os datos da domiciliación bancaria, autorizando os cargos. O Concello realizará os cargos do segundo e terceiro trimestre entre os días 1 e 5 de cadanseu trimestre natural, sendo, pois, esixidos ao inicio do respectivo trimestre.

3.- A taxa correspondente ás probas de acceso deberá ser autoliquidada no momento de presentación da solicitude correspondente, mediante o impreso facilitado ao efecto. Non se admitirá o fraccionamento sinalado no parágrafo anterior. A devandita taxa non se devolverá se o alumno non se presentase ás probas.

4.- Nos supostos de baixa dun alumno, estarase ás seguintes normas:

a) Se a solicitude de baixa se presentase antes do 31 de xullo do ano en curso, o usuario terá dereito á devolución do 100 % das taxas que teña abonado –se fora o caso-, anulándose todos os importes que houbera pendentes de cobramento.

b) Se a solicitude se producise despois do 31 de xullo do ano en curso e antes do comenzo oficial das clases, o usuario terá dereito á devolución do 50 % das taxas aboadas, anulándose os importes pendentes de cobramento.

c) Se se producise unha vez comenzado o curso académico, o interesado non terá dereito á devolución de cota aboada algunha, e deberá abonar as cotas pendentes, no caso de telas fraccionadas, excepto nos casos nos que sexa posible cubrir a praza vacante pola baixa cun novo alumno, suposto no cal non serán esixibles as contías correspondentes ao período no que a vacante se ocupe cun novo alumno.

5.- No caso de devolución dun recibo/cargo por parte da entidade bancaria na que se teña ordeado a domiciliación das taxa, notificarase por escrito ao usuario/titor, abríndoselle o prazo de UN MES desde a data de notificación para que fagan efectivo o importe na conta bancaria que se lles sinale na devandita notificación. De non realizar o pagamento no dito prazo, procederase a tramitar a baixa do usuario no Conservatorio Municipal de Música.

6.- O modelo de autoliquidación a cumprimentar será aprobado por resolución da Alcaldía, e estará a disposición dos usuarios nas dependencias da Casa do Concello – Servizo de Xestión e Inspección Tributaria- e da Área de Cultura –sitas no Pazo da Cultura-.

ARTIGO 8º.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

O réxime de infraccións en sancións tributarias será o previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas normas que a complementen ou desenvolvan.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.-

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio da súa aprobación definitiva, xunto co seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, sendo aplicable a todos os feitos impositivos que se produzan a partires dese día.

DILIXENCIA.- Versións vixentes do texto.

1.- A presente redacción da Ordenanza foi aprobada na sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 29/05/2017 –B.O.P. nº 153, do 14/08/2017-, e entrou en vigor o 15/08/2017, substituíndo á anterior versión da mesma, vixente desde 01/09/2014 ata o 14/08/2017, do teor seguinte:

<<

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades atribuídas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ao abeiro do previsto no art. 57 e 20.4.v), do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Carballo establece as taxas pola prestación de servizos de competencia local de carácter docente e administrativo polas actividades do Conservatorio Municipal de Música de Carballo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

O feito impositivo estará constituído por:

- a) A prestación de servizos de carácter administrativo de competencia local relativos á admisión e funcionamento das actividades docentes prestadas polo Concello a través do Conservatorio Municipal de Música.
- b) A prestación de servizos docentes de competencia local por parte do Conservatorio Municipal de Música.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas, e as entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten os servizos, sexan os destinatarios do mesmo ou os seus representantes legais. No caso de menores de idade, será sempre suxeito pasivo quen ostente a garda e custodia legal dos mesmos, debendo subscribir a correspondente solicitude en representación do menor.

ARTIGO 4º.- COTA TRIBUTARIA.

1. Taxas do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Carballo:

A. Grao elemental.

1.- Curso completo no grao elemental (1º, 2º, 3º ou 4º).....	314,21 €
2.- Materias pendentes	77,18 € c/u
3.- Proba de acceso aos 2º, 3º e 4º curso	55,13 €

B. Grao profesional.

1.- Curso completo en 1º ou 2º curso	369,34 €
2.- Curso completo en 3º ou 4º curso	424,46 €
3.- Curso completo en 5º ou 6º curso	485,10 €
4.- Asignaturas soltas/ pendentes	110,25 € c/u
5.- Proba de acceso grao profesional	88,20 €

2.- A taxa correspondente aos dereitos de apertura de expediente será fixada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na resolución correspondente. Estes dereitos serán satisfeitos polos alumnos no impreso de liquidación correspondente.

3.- A taxa correspondente a materias pendentes aplicarase a aqueles alumnos que, matriculándose nun curso completo, teñan pendente ata dúas materias do curso anterior. Aplicarase, igualmente, a aqueles alumnos que se matriculen no centro con materias pendentes do 6º curso, sempre que unha destas non sexa a especialidade instrumental. Se se tratase dunha materia de especialidade instrumental, estarase ao disposto no parágrafo 5.

4.- A taxa correspondente ás probas de acceso deberá ser autoliquidada no momento de presentación da solicitude correspondente, mediante o impreso facilitado ao efecto. A devandita taxa non se devolverá se o alumno non se presentase ás probas.

5.- No caso de alumnos que teñan convalidadas dúas ou máis asignaturas da especialidade que cursan, aboarán un 80 % das taxas establecidas para o curso no que se matriculen. Se foran menos de dúas asignaturas, aboarán o importe completo do curso.

ARTIGO 5º.- BENEFICIOS FISCAIS.

Non se reconece ningún beneficio fiscal nesta taxa, consonte ao previsto no art. 9.1 do R.D.L. 2/2004, agás os que estean previstos en normas con rango de Lei ou nos Tratados internacionais validamente suscritos polo Reino de España e publicados no B.O.E.

ARTIGO 6º.- RETRIBUCIÓN.

A obriga tributaria no momento de inicio da prestación dos servizos, sendo esixible o seu depósito previo consonte ás normas de xestión do artigo seguinte.

ARTIGO 7º.- NORMAS DE XESTIÓN. LIQUIDACIÓN DA TAXA.

1.- No momento de formalizar a solicitude de admisión aos servizos prestados no Conservatorio Municipal de Música de Carballo, contificarase o importe das taxas a abonar polo usuario.

2.- O pagamento desta taxa deberá ser realizado, obrigatoriamente, mediante domiciliación bancaria. A tal efecto, asinarase a autorización pertinente polo solicitante ou o seu titor legal para realizar os cargos bancarios xunto coa solicitude de admisión ao servizo.

3.- O total do importe do curso ou servizo fraccionarase trimestralmente, sen aplicación de xuros de ningunha clase. Os cargos serán xirados ás contas bancarias facilitadas entre os días 1 e 5 do primeiro mes de cadanseu trimestre.

4.- Nos supostos de baixa dun alumno, estarase ás seguintes normas:

a) Se a solicitude de baixa se presentase antes do 31 de xullo do ano en curso, o usuario terá dereito á devolución do 100 % das taxas que teña abonado –se fora o caso-, anulándose todos os importes que houbera pendentes de cobramento.

b) Se a solicitude se producise despois do 31 de xullo do ano en curso e antes do comenzo oficial das clases, o usuario terá dereito á devolución do 50 % das taxas aboadas, anulándose os importes pendentes de cobramento.

c) Se se producise unha vez comenzado o curso académico, o interesado non terá dereito á devolución de cota aboada algunha.

5.- No caso de devolución dun recibo/cargo por parte da entidade bancaria na que se teña ordeado a domiciliación das taxa, notificarase por escrito ao usuario/titor, abríndoselle o prazo de UN MES desde a data de notificación para que fagan efectivo o importe na conta bancaria que se lles sinale na devandita notificación. De non realizar o pagamento no dito prazo, procederase a tramitar a baixa do usuario no Conservatorio Municipal de Música.

ARTIGO 8º.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

O réxime de infraccións en sancións tributarias será o previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas normas que a complementen ou desenvolvan.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.-

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio da súa aprobación definitiva, xunto co seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, sendo aplicable a todos os feitos impositivos que se produzan a partir dese día.>>

2.- Aprobación: Sesión extraord. Pleno 02/07/2012. B.O.P. nº 161 do 24/08/2012.
Texto vixente no curso 2012/2013:

<<ARTIGO 4.- COTA TRIBUTARIA.

1. Taxas do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Carballo:

A. Grao elemental.

1.- Curso completo no grao elemental (1º, 2º, 3º ou 4º).....	285,00 €
2.- Materias pendentes	70,00 € c/u
3.- Proba de acceso aos 2º, 3º e 4º curso	50,00 €

B. Grao profesional.

1.- Curso completo en 1º ou 2º curso	335,00 €
2.- Curso completo en 3º ou 4º curso	385,00 €
3.- Curso completo en 5º ou 6º curso	440,00 €
4.- Asignaturas soltas/ pendentes	100,00 € c/u
5.- Proba de acceso grao profesional	80,00 €>>

3.- Modificación: Sesión ord. Pleno 26/04/2013. B.O.P. nº 136 do 18/07/2013.
Texto vixente no curso 2013/2014:

<<ARTIGO 4.- COTA TRIBUTARIA.

1. Taxas do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Carballo:

A. Grao elemental.

1.- Curso completo no grao elemental (1º, 2º, 3º ou 4º).....	299,25 €
2.- Materias pendentes	73,50 € c/u
3.- Proba de acceso aos 2º, 3º e 4º curso	52,50 €

B. Grao profesional.

1.- Curso completo en 1º ou 2º curso	351,75 €
2.- Curso completo en 3º ou 4º curso	404,25 €
3.- Curso completo en 5º ou 6º curso	462,00 €
4.- Asignaturas soltas/ pendentes	105,00 € c/u
5.- Proba de acceso grao profesional	84,00 €>>

4.- Modificación: Sesión ord. 26/05/2014. B.O.P. nº 163, do 28/08/2014.

Texto vixente nos cursos 2009/2010, 2010/2011 e 2011/2012:

<<

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e ó abeiro do disposto no art. 20.1 e 3 v) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de Conservatorio Municipal de Música, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

O feito imponible está constituído pola prestación do servizo docente de Conservatorio Municipal de Música e os demais servizos anexos á dita docencia.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, Xeral Tributaria, que soliciten o servizo, ben sexan os destinatarios do mesmo ou os seus representantes legais dos mesmos.

ARTIGO 4º.- RETRIBUCIÓN.

A obriga de contribuir nace coa iniciación da prestación do servizo, aínda que poderá esixirse o depósito previo do seu importe total coa presentación da solicitude.

ARTIGO 5º.- COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria determinarase dacordo coas seguintes tarifas:

Matrícula nunha asignatura.....	84,14 € (14.000 ptas)
Matrícula en dúas asignaturas.....	108,18 € (18.000 ptas)
Matrícula en tres asignaturas.....	132,22 € (22.000 ptas)
Curso completo ou matrícula de catro asignaturas.	168,28 € (28.000 ptas)
Servizo de tramitación.....	12,02 € (2.000 ptas)

1ª Inscripción.....	18,03 € (3.000 ptas)
Acceso grao medio.....	30,05 € (5.000 pts)

ARTIGO 6º.- CRITERIOS XENÉRICOS DE CAPACIDADE ECONÓMICA.

Ás cotas tributarias establecidas no artigo anterior aplicaráselles unha redución do 50%, no caso de que os destinatarios do servicio formen parte dunha familia numerosa. Para a aplicación desta redución deberase presentar o documento acreditativo de ser familia numerosa debidamente actualizado.

ARTIGO 7º.- BENEFICIOS FISCAIS.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 3919/88 reguladora das Facendas Locais, non se reconece ningún beneficio tributario, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN.

1. Os interesados na prestación deste Servicio deberán presenta-la solicitude de matrícula nos prazos que se fixen cada ano por Decreto da Alcaldía, aportando a documentación necesaria para a súa tramitación. O Decreto da Alcaldía que fixe o prazo de matrícula establecerá tamén que documentación se debe presentar coa solicitude de matrícula.

2. A taxa esixirase polo sistema de autoliquidación, polo que deberá adxuntarse á documentación do expediente de solicitude de matrícula o resgardo acreditativo de ter realizado o pagamento da mesma.

ARTIGO 9º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo ás infraccións e sancións tributarias estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei 230/1963, Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento, así como ás previsións que conteña a Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Recadación e Inspección, de existir.

5.- Aprobación: Sesión ord. Pleno 19/11/2001. B.O.P. nº 298 do 31/12/2001.